

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



RESOLUCIÓN DO 4 DE ABRIL DE 2013 DO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (FUNDACIÓN TIC) POLA QUE SE CONVOCA E SE APROBAN AS BASES DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA", ENMARCADA DENTRO DO PROXECTO INNOVATE 2 - DIP. DIGITAL, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

Polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, mediante a resolución de 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, aprobouse a convocatoria 2011 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007- 2013.

En base á devandita convocatoria presentouse o proxecto "InnovaTE 2: Dip. Digital", co obxectivo principal de dar continuidade ao proxecto InnovaTE, pertencente á anterior convocatoria do Ministerio. Mediante resolución de 22 de xuño de 2011 da Secretaría concedeuse unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional que ascende a 10.316.159,78 €, sendo o orzamento total do proxecto 14.737.371,11 €, cofinanciándose nun 80% co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Mediante esta axuda quérese reforzar e continuar coas accións cara a administración sen papeis e axudar a reforzar o servizo centralizado que ofrece a Deputación aos Concellos con menos recursos, promovendo o avance económico e social dos Concellos do ámbito de actuación, co cal lograrase un avance exponencial e permitirá acercar aínda máis á poboación á Sociedade da Información.

Tendo en conta que na Xunta de Goberno de data 6 de Xullo de 2012 apróbase a proposta de inicio da Encomenda de Xestión á Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) como medio propio da Excma. Deputación de Lugo para a execución da actuación "Promoción da autonomía persoal dos maiores da provincia enmarcada dentro do Proxecto InnovaTE2: Dip. Digital" e que se dá conta da modificación dos estatutos da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) no referente a súa consideración como medio propio da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Analizados os medios persoais cos que conta a FUNDACIÓN TIC para levar a cabo esta encomenda de xestión, en informe emitido pola Dirección da Fundación TIC, ponse de manifesto a insuficiencia dos mesmos polo que se fai preciso proceder á selección do persoal que prestará servizos nos postos que se ofertan, e para un mellor cumprimento dos principios que inspiran a selección de persoal que presta servizos á Administración Pública e en uso das funcións que me confiren os estatutos reitores da mesma, como Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC), RESOLVO:

1º Convocar o procedemento para a selección de persoal laboral temporal , mediante o sistema selectivo de oposición libre, para a súa participación na actuación "Promoción da Autonomía Persoal dos maiores da provincia".

Nº	DENOMINACIÓN	DEDICACIÓN	TITULACIÓN
1	Profesor/a de Taller	Tempo completo	Licenciado/a ou Grao en Psicoloxía
1	Profesor/a de Taller	Tempo completo	Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede ou equivalentes*
1	Profesor/a de Taller	Tempo completo	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



* As recollidas na Disposición Adicional Segunda do Decreto 177/2010, do 1 de outubro, da Xunta de Galicia polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede:

- Título de técnico especialista en informática de empresas, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico especialista en informática de empresa, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico especialista en informática empresarial, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico superior en administración de sistemas informáticos, establecido polo Real decreto 1660/1994, do 22 de xullo, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 224/1997, do 30 de xullo.

2º.- Aprobar as bases que rexerán a selección.

3º.- Ordenar a súa publicación, no BOP, no taboleiro de anuncios da Fundación TIC e na páxina web www.fundaciontic.org.

Lugo, 5 de abril de 2013.- O SECRETARIO DO PADROADO, D. Francisco Javier Giménez Miralles.

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, PARA PRESTAR SERVICIOS NA ACTUACIÓN "PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA" ENMARCADA NO PROXECTO INNOVATE 2 - DIP. DIGITAL, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

1.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade a determinación do procedemento polo que se rexerá o proceso selectivo do persoal que prestará os seus servizos nos postos que se sinalan no Anexo II co obxecto de levar adiante a actuación "Promoción da Autonomía Persoal dos maiores da provincia" enmarcada no proxecto InnovaTE 2 - Dip. Digital, proxecto cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no desempeño da encomenda de xestión á Fundación TIC como medio propio da Deputación de Lugo.

2.- SISTEMA DE SELECCIÓN E PRAZAS QUE SE CONVOCAN

O sistema de selección será mediante oposición libre para as tres prazas ofertadas.

3.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA FUNDACIÓN TIC

Os traballadores estarán vinculados á Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (FUNDACIÓN TIC), mediante contrato temporal de duración determinada, modalidade Obra ou Servizo determinado. A duración do mesmo será o período de realización da actuación "Promoción da Autonomía Persoal dos maiores da provincia", sendo previsiblemente ata o 31/12/2013, podendo ampliarse a súa duración en caso de prórroga do proxecto InnovaTE 2: Dip. Digital.

A relación laboral rexerá polo Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores e polo VII Convenio Colectivo de Ensinanza e Formación non Reglada.

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



4.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación temporal, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido na base quinta. No caso de Titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

5.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán superado os estudos de:

Nº	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN
1	Profesor/a de Taller	Licenciado/a ou Grao en Psicoloxía
1	Profesor/a de Taller	Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede ou equivalentes*
1	Profesor/a de Taller	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto

* As recollidas na Disposición Adicional Segunda do Decreto 177/2010, do 1 de outubro, da Xunta de Galicia polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede:

- Título de técnico especialista en informática de empresas, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico especialista en informática de empresa, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico especialista en informática empresarial, rama administrativa e comercial, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico superior en administración de sistemas informáticos, establecido polo Real decreto 1660/1994, do 22 de xullo, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 224/1997, do 30 de xullo.

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



6. - SOLICITUDES

6.1.- FORMA

As persoas que desexen formar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude, que figura como Anexo I destas Bases e que estará a disposición de todos os que queiran participar no proceso selectivo na páxina web www.fundaciontic.org, no taboleiro de anuncios da Fundación TIC, e no BOP, manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nestas.

A solicitude deberá ser debidamente cumprimentada e se acompañará a mesma cos documentos sinalados na base 6.6.

Os aspirantes só poderán acceder a unha das prazas convocadas nestas bases.

6.2.- ÓRGANO A QUE SE DIRIXE

As instancias correspondentes dirixiranse ao Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (FUNDACIÓN TIC).

6.3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación será de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP. Se o prazo de finalización remata en sábado, domingo ou festivo, o último día de prazo se trasladará ao seguinte día hábil.

6.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes farase no Rexistro da FUNDACIÓN TIC situada na rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n - Lugo en horario de 9:00h a 14:00h, de luns a venres, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

6.5.- ERROS NAS SOLICITUDES

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fora do prazo establecido non será enmendable e supoñerá a exclusión do procedemento selectivo.

6.6.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE

6.6.1- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou Pasaporte.

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

6.6.2- Copia compulsada da titulación esixida.

6.6.3 Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes, no caso de que a posúan para quedar exentos da realización da proba de galego.

7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1.- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Sr. Presidente da FUNDACIÓN TIC, ditará Resolución no prazo máximo de dez días naturais, declarando a lista provisional de admitidos e excluídos, cos nomes, apelidos e causa de exclusión indicando se a mesma é ou non é subsanable. Esta Resolución publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios da FUNDACIÓN TIC e na páxina web www.fundaciontic.org.

7.2.- SUBSANACIÓN DE ERROS E ALEGACIÓNS

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



Conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, os interesados poderán solicitar a enmenda dos erros subsanables que se producirán na lista de admitidos e excluídos provisional, nun prazo de dez días contados dende o seguinte á publicación da citada Resolución.

Se en dito prazo non se enmendan os defectos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa subsanación en tempo e forma, os aspirantes comprobarán non só que se atopan na relación de excluídos, senón que, ademais, os seus nomes e datos persoais se recollen correctamente.

7.3.- LISTA DEFINITIVA

Finalizados os prazos sinalados, o Sr. Presidente da FUNDACIÓN TIC, aceptando ou rexeitando as alegacións presentadas publicará a citada resolución no Taboleiro de Anuncios da FUNDACIÓN TIC e na páxina web www.fundaciontic.org, coas listas definitivas completas de admitidos e excluídos.

7.4.- RECURSOS CONTRA A LISTA DEFINITIVA

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, os aspirantes excluídos poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, ou ben, recurso contencioso – administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación.

7.5.- O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

8.- A COMISIÓN DE SELECCIÓN. ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán a Comisión de Selección, realizarase por Resolución do Sr. Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

A súa composición farase pública na resolución que aprobe as relacións definitivas de admitidos e excluídos.

8.1.-ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión de Selección estará constituída por cinco membros titulares, Presidente, Secretario e 3 Vogais e 5 suplentes. Entenderase que a Comisión de Selección queda validamente constituída cando asista a maioría absoluta dos membros de cada Tribunal, titulares ou suplentes, con presenza en todo caso do Presidente da Comisión e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de Constitución, a Comisión de Selección, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

A Comisión resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas Bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vocal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa citada.

8.2.- PUBLICACIÓN

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



A Resolución do Sr. Presidente da FUNDACIÓN TIC, publicarase no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC e na páxina www.fundaciontic.org e conterà:

- a) A composición da Comisión de Selección
- b) A citación á Comisión de Selección para que se constitúa.
- c) A citación aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio de oposición, garantindo un prazo mínimo de 15 días dende a data de publicación á data do primeiro exercicio.

9.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

9.1.- CRITERIOS XERAIS

O sistema de selección será Oposición Libre.

Os exercicios a realizar serán obrigatorios e terán carácter eliminatorio, seguindo os criterios establecidos no apartado 9.3 destas bases.

O Presidente da Comisión de Selección adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato. Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen ao aspirante, ou sinais ou marcas que puidesen vulnerar o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Para o cumprimento do establecido no artigo 28 do Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, nas probas selectivas terase que demostrar o coñecemento da lingua galega.

9.2.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os aspirantes deberán presentarse para cada exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión de Selección.

Os opositores poderán ser requiridos pola Comisión, en calquera momento, coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos do seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente pola Comisión de Selección.

Unha vez comezadas as probas, as datas das sucesivas probas serán publicadas no Taboleiro de Anuncios da FUNDACIÓN TIC e na páxina www.fundaciontic.org con 24 horas de antelación con respecto ao comezo destas.

9.3.- EXERCICIOS

O procedemento de selección constará dos seguintes exercicios:

9.3.1.- PRIMER EXERCICIO

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no Anexo III.

O exercicio consistirá nun exame tipo test, con 40 preguntas sobre os temas de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa.

O tempo máximo para a realización do primeiro exercicio será de 60 minutos, e puntuarase de 0 a 4 puntos sendo a puntuación mínima para acceder ó segundo exercicio de 2 puntos.

Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,10 puntos, e cada pregunta contestada de forma incorrecta penalizarase con 0,030 puntos, non puntuándose as preguntas non contestadas.

Esta proba será eliminatoria e as persoas que non alcancen a puntuación mínima de dous puntos non poderán realizar o segundo exercicio, quedando excluídas do proceso.

As listas coas puntuacións obtidas no exercicio, indicando aquelas persoas consideradas aptas e que poderían realizar a seguinte proba, saíran publicadas no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC e na páxina www.fundaciontic.org

9.3.2.- SEGUNDO EXERCICIO

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado tamén no Anexo III.

O exercicio consistirá nun exame tipo test, con 60 preguntas sobre os temas de carácter específico relacionado co apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de 90 minutos, e puntuarase de 0 a 6. Para superar esta proba será preciso sacar unha puntuación mínima de 3 puntos. En caso contrario quedarán excluídas do proceso.

Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,10 puntos, e cada pregunta contestada de forma incorrecta penalizarase con 0,030 puntos, non puntuándose as preguntas non contestadas.

A Comisión de Selección elaborará o exame tipo test tendo en conta o programa.

9.3.3.- TERCEIRO EXERCICIO

PROBA DE GALEGO

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece:

"...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos pola Comisión. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

9.3.4.- PREGUNTAS DE RESERVA

Incluíranse 5 preguntas de reserva en cada un dos exercicios a realizar, por si se detectan problemas de formulación ou erratas.

10.- CUALIFICACIÓN

10.1.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios sempre e cando se acaden as puntuacións mínimas esixidas (2 puntos na primeira proba e 3 puntos na segunda), establecendo deste xeito a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Os casos de empate dirimiranse mediante a realización dun exercicio tipo test con 25 preguntas, 10 sobre os temas de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa e 15 sobre os temas de carácter específico relacionado co apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos, e puntuarase de 0 a 10 puntos.

Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,40 puntos, e cada pregunta contestada de forma incorrecta penalizarase con 0,030 puntos, non puntuándose as preguntas non contestadas.

No caso de persistir dito empate realizarase outro exercicio atendendo os mesmos criterios establecidos nos dous parágrafos anteriores e así sucesivamente ata determinar finalmente ó aspirante que obteña mellor puntuación.

11.- LISTA DE APROBADOS, PROPOSTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN, PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN.

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



Rematada a cualificación dos aspirantes a Comisión publicará a relación dos aprobados pola orde de puntuación. A Comisión non poderá, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Esta relación se fará pública no Taboleiro de Anuncios da FUNDACIÓN TIC e na páxina web www.fundaciontic.org.

Non obstante ó anterior, co fin de asegurar a cobertura de vacantes, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, a Comisión de Selección poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A proposta de contratación será notificada aos aspirantes propostos coa indicación de que dispoñen dun prazo de dez días naturais, contados a partir do seguinte ao da recepción da comunicación fidedigna de ser declarados aprobados, para presentar a documentación que se sinala na base seguinte.

12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

12.1.- DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR

Os aspirantes propostos presentará no Rexistro da FUNDACIÓN TIC a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsada) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados, xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.
- c) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

12.2.- PRAZO

O prazo de presentación será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da lista de aprobados.

12.3.- FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os que dentro do prazo indicado, excepto os casos de forza maior, non presentaran a súa documentación ou cando da mesma deducírase que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 4, non poderán ser contratados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

13.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

Os aspirantes seleccionados deberán unha vez entregada a documentación no prazo indicado, presentarse na sede da FUNDACIÓN TIC para a formalización do contrato.

Os aspirantes incorporaranse á súa función ó día seguinte ó da formalización do contrato ante a Dirección do centro, que dará conta de dita incorporación ao Presidente da Fundación.

No suposto de que a persoa candidata, renunciara á praza ou non se incorporara no prazo indicado, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal, se considerará que o seleccionado renuncia á praza e o Presidente da Fundación TIC procederá a asignar a praza ao seguinte aspirante segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existe, ou deixará deserta a praza.

"UNA MANERA DE HACER EUROPA"

Proyecto cofinanciado por el Fondo Europeo de
Desarrollo Regional en un 80%



ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, PARA PRESTAR SERVICIOS NA ACTUACIÓN "PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA", ENMARCADA DENTRO DO PROXECTO INNOVATE 2 - DIP. DIGITAL, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

I.- DATOS DA PRAZA

DENOMINACIÓN: _____

II. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
D.N.I.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO :

1º.- Que reúno todos e cada uno dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ser maior de idade.
- Estar en posesión do título de _____ esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a firmar o contrato no prazo establecido, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en particular os que sinala a Lei 53/ 1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de 2013
(Asinado)

